

A PRESENZA DA MÚSICA NAS HISTORIAS DE GALICIA PUBLICADAS NO SÉCULO XIX. A BUSCA DUNHA IDENTIDADE

*The presence of music in the Histories of Galicia published in the nineteenth century.
Looking for an identity*

ALONSO-MONTEAGUDO, Julio¹

Resumo

No século XIX prodúcese un cambio de paradigma nas Historias publicadas en Galicia; cambio que estará influído pola incorporación das novas ideas románticas e pola aparición nos anos 40 do provincialismo. Este novo tempo iniciase coa Historia de Galicia de Vereá e Aguiar (1838), quen exporá a través do seu traballo unha nova visión da historia galega marcada pola aparición do Celtismo, e terá como máximo representante a Manuel Murguía.

Estas novas Historias, non só se van centrar nos feitos históricos, senón que tamén van tratar de recoller as “tradicións” e “costumes”, na liña do que está xa, nesta altura, sucedendo noutros países de Europa, e que se coñecerá como “folclore”. Pois ben, dentro destes “costumes” aparecerán as referencias á música e ao baile, que van ter un tratamento ben diferente segundo os autores.

Abstract

In the nineteenth century, there was a paradigm shift in history books published in Galicia; change that would be influenced by the incorporation of new romantic ideas and the emergence in the 40s of provincialism. This new time begins with the History of Galicia by Vereá e Aguiar (1838), who exposed through his work a new vision of Galician history marked by the appearance of Celtism, having Manuel Murguía as the most representative.

These historical accounts not only focused on historical facts, but also sought to collect "traditions" and "customs", in line with what was already happening in other European countries, and which would be known as "Folklore". Then, within these "customs" there will be references to music and dance, which will be treated very differently by the authors.

Palavras-chave: *Música galega; Gaita; Muiñeira; Alborada; Alalá.*

Key-words: *Galician music; Bagpipe; Muiñeira; Alborada; Alalá.*

Data de submissão: febreiro de 2020 | **Data de aceitação:** setembro de 2020.

¹ JULIO C ALONSO-MONTEAGUDO - Conservatorio Superior de Música de Vigo; Universidade de Vigo. ESPANHA. E-mail: juliocalonso@edu.xunta.es.

1. PRIMEIRAS REFERENCIAS COÑECIDAS DE MÚSICA GALEGA

Para atopar as primeiras fontes que posibiliten o estudo da música popular en Galicia temos que remontarnos a finais do século XVIII, coa aparición dos primeiros exemplos de música galega notada. O máis antigo que coñecemos, polo de agora, pertence ao organista e mestre de capela Diego Antonio Machado, e trátase dunha alborada (*Alborada q[u]e se toca en las funciones de Galicia comp[ues]ta p[ar]a piano forte p[or] Diego Ant^o. Machado, M[aest]ro. de capilla y org[anis]ta de la Sta. Yglesia Colegial de La Coruña*) e unha muiñeira (*Muyeira comp[ues]ta p[or] el mismo autor*).² Grazas á información que nos aporta o título da Alborada, podemos datar as obras no período de maxisterio de Diego Antonio Machado na Colexiata de A Coruña, entre 1786 e 1800 (Díaz Pazos, 2016, pp. 70-75). Posiblemente, este interese dos organistas e mestres de capela pola música galega teña relación coa composición de vilancicos para as celebracións relixiosas, xa que, é precisamente con estas obras, coas que se introducen os ritmos e melodías populares autóctonas nas catedrais, e tamén a lingua galega. Na Biblioteca Nacional de España consérvase outra peza manuscrita de principios do século XIX, con ritmo de muiñeira: *La Gaita Gallega*. Aparece dentro dun caderno que leva por título *Música manuscrita. Tomo 2º, Piezas de piano*.³ Caderno que consta de 172 follas e está dedicado á danza. En total reúne cento corenta danzas, na súa maioría de importación, coma *Wals*, *minuets*, alemandas, etc; pero tamén danzas populares españolas coma boleras, fandangos, zortzicos, e, coma xa dixemos, unha muiñeira. Este inicial interese pola música popular galega, fundamentalmente muiñeiras e alboradas, entre finais do século XVIII e principios do XIX non vai ter continuidade; pois ata mediado o século non volveremos atopar novas fontes musicais. A Guerra da Independencia de 1808, as circunstancias sociais e políticas do momento, o declive das capelas catedralicias, son algúns dos factores que afectaron decisivamente neste terreo.

No que se refire aos escritos sobre música popular, estes están ligados á aparición das primeiras historias de Galicia de carácter *reivindicativo* (Barreiro Fernández, 1993, pp. 185-186), como a de Verea e Aguiar, de 1838; Martínez Padín, de 1849; ou, sen dúbida a máis importante, de Manuel Murguía, en 1865; pero, tamén, ao

² Estas dúas obras atópanse na Biblioteca Nacional de España, coa referencia MC/4420/22. Pódese consultar unha copia dixitalizada na Biblioteca Digital Hispana.

³ Na Biblioteca Nacional de España, coa referencia M/2232. Pódese consultar unha copia dixitalizada na Biblioteca Digital Hispana.

desenvolvemento dos primeiros xornais e revistas.⁴ Destas sementes xermolará un crecente interese pola música popular galega que levará, xa na segunda metade do século, á aparición dos primeiros recompiladores e a creación dos primeiros cancioneros galegos.

2. A MÚSICA NAS HISTORIAS DE GALICIA PUBLICADAS ATA OS ANOS 80

Centrémonos nas *Historias*. Estas, ata os inicios do século XIX, caracterizaranse “polo uso da historia como un instrumento de rehabilitación das clases sociais preeminentes, mediante unha *historia apoloxética* das mesmas” (Barreiro Fernández, 1993, p. 183). Segundo Barreiro Fernández (1993, p. 184), estes traballos apoloxéticos atenden a unhas finalidades que condicionan a estrutura das *Historias de Galicia*, e que non son outras que: demostrar a antigüidade da poboación galega, emparentando aos primeiros poboadores galegos cos patriarcas bíblicos; demostrar a orixe apostólica da Igrexa Galega, con Santiago como referente absoluto; e demostrar que a aristocracia galega é a máis antiga de España. O resultado son, unhas historias fantasiosas e noveladas, cheas de heroes e de acontecementos ficticios, que teñen coma única pretensión a creación dun relato interesado, e nas que non atopamos ningunha referencia á música popular.

Durante o século XIX prodúcese un cambio de paradigma nas *Historias* publicadas en Galicia, que virá dado pola incorporación das novas ideas románticas e pola aparición, nos anos 40, do provincialismo:

Frente ó despedazamento de Galicia en catro provincias, os historiadores de século XIX defenderon teimosamente a unidade do Reino, fundamentándoa na unidade racial: *na raza celta*. E así como o celtismo convírtese no elemento nuclear da nosa historia: unha raza, unha cultura e unha historia propia (Barreiro Fernández, 1993, p. 186).

O encargado de abrir esta vía de pensamento é Vereá e Aguiar, coa publicación en 1838 da súa *Historia de Galicia*. O autor expón na súa obra cales son os motivos que o levan a realizar este traballo:

Dos cosas á mí, como gallego, me han movido á escribir una historia semejante circunscrita à la Galicia; primera, el hallarse muy maltratada esta en los historiadores, siendo así que tiene tantos fundamentos para la celebridad, como la mas ensalzada: segunda, la observacion de ser

⁴ No presente traballo, debido ás limitacións de espazo, só nos referiremos aos libros de historia.

esta provincia tan desconocida del resto de los españoles, siendo una de las primeras de la monarquía, mas hermosas y mas cultas, segun irémos viendo (Verea y Aguiar, 1838, p. 68).

Para acadar estes obxectivos vai estruturar a súa obra de modo que “se divide en tres partes; á la primera pertenecerán las antigüedades; á la segunda la historia mas conocida, desde el establecimiento del cristianismo, con la noticia de los hombres célebres que haya producido este país en todos géneros; y la tercera comprenderá la descripción física, civil, moral, y económica” (Verea y Aguiar, 1838, p. 75). Dentro desta última parte, máis concretamente dentro do apartado moral, Verea e Aguiar (1838, p. 71) inclúe, entre outros moitos aspectos, as festas, os traxes, a música e os bailes. Vai ser, polo tanto, nesta Historia onde nos imos atopar coas primeiras referencias á gaita galega como instrumento común aos pobos considerados celtas:

Lo han sido, y aun son en el día iguales las costumbres de la Galicia, y de una parte de Francia. No solo en Asturias y en parte de Alava, sino tambien en la baja Bretaña, hay la gayta gallega, instrumento antiquísimo, que tambien se conserva en la Irlanda, y en la Escocia (Verea y Aguiar, 1838, p. 35).

E tamén, coas primeiras referencias ao alalá e á muiñeira:

La Galicia en la que, al lado de la mas fina civilizacion moderna, se conservan los usos y memorias de la mas remota antigüedad, sin necesidad de violentar ó desfigurar sentidos históricos ni rebajar las glorias de otras provincias para elevar las suyas, tiene otros dos testimonios solemnes de su derivacion Fenicia. El primero es el famoso nombre de la Torre de Hércules, [...] El segundo es el *Alalala*, con que los gallegos del campo concluyen sus cantares (Verea y Aguiar, 1838, pp. 157-158).

La danza gallega que en tiempos modernos se le dió el nombre impropio de muiñeira tiene alguna señal de origen griego. El hombre se presenta primero bailando solo, y luego sin perder compás hace una sumision brincando una rodilla delante de la joven que escoge para su pareja, como hacian los griegos: esta danza con la mayor compostura y pudor en todos sus pasos y giros, al mismo tiempo que el hombre apura una multitud de figuras y movimientos variados, pues este baile admite las de todos. Los que, sin ser gallegos hayan visto los contrapasos de las Mariñas, y las ribeiranas del Avia y del Miño, no pueden menos de confesar que este baile es tan alegre como el fandango, y gracioso y amoroso como el bolero. Y en los campos, en las romerías, en las tardes de fiesta es constante esta diversión al son alegre de la gaita, instrumento antiquísimo, variándose todos los años sus composiciones musicales. Es verdad que ahora en algunos parages bailan las mugeres de paso alto, dejando aquella rigurosa modestia que representaba la hermosura de la virtud antigua. Puede ser esta danza de origen griego, y tambien céltico, pues yo la supongo tan antigua como la misma gaita (Verea y Aguiar, 1838, p. 202-203).

A seguinte Historia na que atopamos referencias á música é a de Pascasio de Seguin. Publicada orixinarmente en 1750, en 1843 nunha nova edición, corrixida e aumentada por D. Bernardo Antonio Lluch y D. Santiago Aenlle, engade un apéndice titulado “Adición a la Historia del Reino de Galicia. Desde el año de 1800, hasta el de 1843”. E vai ser nesta Adición onde apareza unha pequena referencia á música: “Los aldeanos gallegos son frugales y muy sóbrios, alegres y festivos, aunque sea en el trabajo, su instrumento favorito es la gaita, tamboril y castañuelas. El primero de estos sonoros instrumentos es de tiempo inmemorial” (Lluch & Aenlle, 1847, p. 58). E continúa sinalando que “Las mugeres son agraciadas, festivas, alegres, agasajadoras, muy inclinadas al baile y á las canciones propias del pais” (p. 58).

En 1849, Leopoldo Martínez Padín, publica o primeiro e único tomo da súa *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia*. Nel atopamos un apartado titulado “Diversiones de los campesinos de Galicia” (pp. 213-214), no que fala de: os bailes e instrumentos; cantos e xogos; e romerías. Entre estas diversións están o que el denomina “filazones” nocturnas, reunións de mulleres para fiar o liño, das que comenta que:

asisten los hombres de todas edades á estas reuniones y bailan con algunas de las concurrentes, mientras las demas, sin dejar de hilar, cantan acompañadas de los panderos, sonajas ó flautas, que tocan las ancianas y los mozos cuando no hay en la reunion la gaita con su inseparable tamborino. Los hombres llevan castañuelas de boj, y son exagerados en todos sus ademanes, en tanto que las mugeres bailan con mas mesura, apenas mueven los pies y sus manos casi no se separan del pecho. Los bailes son, la muiñeira, y una especie de fandango que llaman contrapaso (Martínez de Padín, 1849, p. 213).

Martínez Padín, ao igual que Vereá e Aguiar, atopa similitudes entre os pobos que forman parte do ámbito celta: “La gaita, las canciones en coro cantadas por los campesinos, que terminan por unos gritos guturales y fuertes, de que hemos hablado, son comunes á los escoceses y á los gallegos.” (Martínez de Padín, 1849, p. 263)

O seguinte traballo a salientar é o titulado *Bosquejo histórico político y religioso del Antiguo Reino de Galicia, desde los tiempos mas remotos, hasta fines del último siglo*. Neste traballo, ao referirse aos costumes de Galicia, sinalase:

examinad sus cantos, sus danzas y hasta sus instrumentos músicos; y descubriréis en todos ellos los rastros de un origen tan antiguo, que se pierde ya en la oscuridad de los tiempos. Ved esa Moyñeira tan comun, y usual entre nuestros labriegos; esa distraccion inocente de una clase humilde y abatida, condenada á vivir siempre entre el polvo como el insecto, y á respirar el ambiente de una atmósfera infecta y corrompida; y notaréis desde luego, en la variedad de sus figuras, la expresion viva

de los mas castos sentimientos del corazon humano: veréis en ella el símbolo de aquella dulce expansion con que los Egipcios saludaban el Arca santa de la alianza; y hallaréis en fin, una muestra palpable de aquella hermandad, de aquella mancomunidad de familias, que debió ecsistir, en tiempos remotos, entre Asturos y gallegos, á poco que juzguéis entre ella, y la tan celebrada Guiraldilla, de los primeros. Y ese Alá Alá Alaaláh, que forma el ritmo de todas, y cada una de sus rimbombantes églogas ¿qué es sinó la salutacion de un Islamita, invocando al Dios omnipotente? Ahora pues; si queréis saber el origen de la Gaita, de ese instrumento mágico, de esa encantadora Sirena de las selvas, cuya armonía, difundiéndose, cual chispa eléctrica, esparce el júbilo por todas partes, y convierte en mansiones de placer, de felicidad y de amor, hasta los páramos mas desiertos y solitarios, en cuyo derredor se agrupan jóvenes, ancianos, mugeres, y niños, registrad las cenizas de vuestros padres, preguntádselo con ahinco, que tal vez solo ellos sean los únicos, que puedan satisfacer vuestra curiosidad (D.J.A., 1854, p. 65).

Xa na década dos 60, publícanse as dúas Historias máis renomeadas do século XIX, como son a de Vicetto e a de Murguía. A primeira, máis fantasiosa e polémica; a segunda, referente indiscutible de todos os traballos posteriores. En ambas vai ter presenza a música. Na Historia de Vicetto atopamos referencias ao aturuxo, a gaita, a muiñeira, a alborada, ao alalá, etc. Transcribimos a modo de exemplo a descrición que fai Vicetto da gaita:

La gaita es el aura de nuestras montañas, la armonia de nuestros valles, el eco vivo de los arenales de nuestras costas. Atravesar unas pendientes, salvar una pradera y descansar en los peñascales de la playa sin oír el sonido tronante y vibrador de la gaita, parecerá imposible. La gaita es la tradicion armoniosamente céltica de Galicia. Preguntad á nuestros montañeses quien inventó la gaita, y os contestarán que nació con ellos ó con sus rocas.

La gaita no es invencion de otro pueblo que de nuestros primeros pobladores, los céltigos: si existe en alguna nacion, como luego hablaremos al reseñar la explotacion fenicia, esa es la huella que dejaron nuestros brigantinos y hiernios en ella; por alli pasaron.

La gaita es la espresion armónica de Galicia, bajo su manto de brétama; es su carácter, su símbolo, su síntesis histórica; y en language poético, su respiracion.

La gaita no es instrumento de salon como el laud, el arpa, el piano, etc., la gaita necesita otros horizontes mas inmensos, los horizontes donde nació, nuestras montañas, y donde no morirá jamás por muchas transformaciones que sufran las costumbres de nuestros Ceil-fors.

Arrancadle á ese pueblo la gaita, y caerá de rodillas asido á los flecos del roncon; porque la gaita es á su organizacion moral mas que á su organizacion musical: es el lenitivo de sus dolores, la esperanza de otro mundo mejor; por mas que parezca paradógica esta ideología á los espíritus fuertes.

Ah! si en medio de un pueblo de nuestras colonias de América, se tocára de repente la gaita, y tocara la alborada, conoceriais al instante los que eran hijos del pais: todos aquellos que vierais llorar, suspirar, ó estremecerse profundamente conmovidos; fuere cual quisiere su educacion y posicion, aquellos eran gallegos; y aquellos que eran gallegos sentirian la gaita en sus entrañas, en toda su enervacion como la voz de una madre querida. La gaita es la voz de Galicia para el hijo ausente, devórele ó no le devore la nostalgia; esa otra condicion moral que hemos inoculado en las venas del pueblo inglés.

La gaita es, pues, la tradicion armoniosamente céltica de Galicia (Vicetto, 1865, pp. 99-100).

Murguía, pola contra, presenta un traballo máis serio e rigoroso, no que incluso se atreve a facer unha primeira clasificación da música galega: “Divídiremos los cantares en varios grupos, que los mismos campesinos distinguen con los nombres de *Muiñeiras*, *Cantar de pandeiro*, *Alalás*, *Ani-novo*, *Mayos*, etc., siendo los mas característicos de todos ellos los dos primeros” (Murguía, 1865, p. 252). Ademais, na súa Historia aparecen recollidos, ao final de libro, catro “Cantos populares (del pais de la Ulla)”, na seguinte orde:⁵ A-la-lás I: Na alma se me clavou á rais do teu querer; A-la-lás II: A Dios non, ti non m’o digas; Cantar do pandeiro: Veñ’o pandeiro e a ruare; Cantinelas I: Uns corren para Castilla. E, no tomo II, aínda que no texto non aparece ningunha referencia á música, tamén ao final do libro, aparecen transcritos outros catro “Cantos populares”, na seguinte orde:⁶ Ani-novo: Despedida d’ano vello; Muiñeira: No te quero por bonita; Cantinelas II: Nena, que vende las peras; Cantinelas III: A sobra d’un limoeiro.

Estas pezas, que atopamos transcritas na Historia de Murguía, atribúenselle a Marcial Valladares Núñez, autor do traballo de recolección de música tradicional máis antigo do que temos constancia en Galicia, datado cara ao ano 1865 (Do Pico Orjais & Rei Sanmartim, 2010, pp. 43-46). Este traballo, aínda que non se chegou a publicar ata o ano 2010, foi coñecido, circulando en varias copias manuscritas polas mans dos diferentes estudosos da música galega do século XIX.

Xa para rematar,⁷ temos que sinalar o traballo de Leandro de Saralegui y Medina, *Estudios sobre la época céltica en Galicia* (1867), e tamén, o de Ramón Barros Sivelo, *Antigüedades de Galicia* (1875). En ambos, tamén imos atopar referencias á música, seguindo a influencia celtista.

⁵ Estas pezas correspóndense cos números I, IV, XVIII e XI do cancionero de Marcial Valladares.

⁶ Estas pezas correspóndense cos números XXVIII, XXII, XIII e XIV do cancionero de Marcial Valladares.

⁷ Para podernos adaptar as dimensións de espazo do presente traballo rematámolo na década dos 70, antes da aparición, na década dos 80, do movemento Rexionalista.

3. CONCLUSIONES

A finais do século XVIII atopamos os primeiros exemplos de música popular galega escritos en notación musical. Concretamente, unha muiñeira e unha alborada, do mestre de capela e organista Diego Antonio Machado. Estas pezas son o reflexo da iniciativa de determinadas elites musicais eclesiásticas, e teñen unha relación directa coa aparición do Vilancico en Galego nas diferentes Sés. Pero, o inicial interese por este repertorio non vai ter continuidade, debido ás circunstancias sociais e políticas do momento, que levan ao declive destas institucións.

Xa no século XIX, ese interese pola música e o baile popular vai estar presente nas Historias de Galicia de novo cuño. Nadas baixo a influencia do romanticismo e o provincialismo, incluírán non só datos históricos, senón tamén informacións sobre os costumes e tradicións, na busca da consolidación dunha identidade que parte dos presupostos celtistas. Á primeira destas publicacións, de Verea e Aguiar (1838), seguirán outras, coma a de Manuel Murguía (1865), que marcará un fito dentro da disciplina e que inclúe como apéndice oito pezas recollidas previsiblemente por Marcial Valladares no Val do Ulla. Estas serán as primeiras obras publicadas en Galicia como froito do traballo de recollida directa a través do contacto cos aldeáns.

REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Barreiro Fernández, X.R. (1993). A historia da historia. Aproximación a unha historiografía galega: De Murguía a Risco. En J. G. Beramendi (Coord.), *Galicia e a historiografía* (pp. 183-186). Santiago de Compostela: Tórculo edicións.

Barros Sivelo, R. (1875). *Antigüedades de Galicia*. Coruña: Imprenta de D. Domingo Puga.

D.J.A. (1854). *Bosquejo histórico político y religioso del Antiguo Reino de Galicia, desde los tiempos mas remotos, hasta fines del último siglo*. Pontevedra: Imprenta de la viuda de Vereá é hijos.

Do Pico Orjais, J. L., & Rei Sanmartin, I. (2010). *Ayes de mi País: O cancionero de Marcial Valladares*. Baiona: Dos Acordes.

Díaz Pazos, A. (2016). Tres pezas de música tradicional galega de fins do século XVIII descoñecidas. *ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, 11, 53-85.

Lluch, B. A., & Aenlle, S. (1847). Adición a la Historia del Reino de Galicia. Desde el año de 1800, hasta el de 1843. En Pascasio de Seguin. *Historia General del Reino de Galicia: Idea de las Grandezas, Excelencias e Historia Eterna de Dicho Reino* (Tomo II). La Habana: Imprenta del Faro Industrial.

Martínez de Padín, L. (1849). *Historia Política, Religiosa y Descriptiva de Galicia* (Tomo I). Madrid: Establecimiento tipográfico de A. Vicente.

Murguía, M. (1865). *Historia de Galicia* (Tomo I). Lugo: Imprenta de Soto Freire.

Murguía, M. (1866). *Historia de Galicia* (Tomo II). Lugo: Imprenta de Soto Freire.

Saralegui y Medina, L. (1867). *Estudios sobre la Época Céltica en Galicia*. Ferrol: Nicasio Taxonera.

Vereá y Aguiar, J. (1838). *Historia de Galicia. Primera parte, que Comprende los Orígenes y Estado de los Pueblos Septentrionales y Occidentales de la España Antes de su Conquista por los Romanos*. Ferrol: Imprenta de D. Nicasio Taxonera.

Vicetto, B. (1865). *Historia de Galicia* (Tomo I). Ferrol: Nicasio Taxonera.